

CONVOCATORIA DOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN EN SAÚDE DE GALICIA PISGA

No DOG de data 11 de novembro de 2024 publicouse a Resolución e o seu correspondente Extracto da Resolución do 6 de novembro de 2024, da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde pola que se aproban e publican as bases reguladoras dos Premios de Investigación en Saúde (PISGa) para a ámbito de Galicia no marco do proxecto TRANSFIRESAÚDE do Programa de Cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 e procédese á súa convocatoria para o ano 2024, cuxo texto completo pode consultare na Base de datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS: **794185**.

O obxectivo destas axudas é difundir, promover e premiar o coñecemento e a investigación sanitaria traslacional, de carácter preclínico e clínico, desenvolta polos profesionais do sector público da saúde de Galicia. Os premios teñen o dobre obxectivo de, por unha parte, recoñecer e dar apoio a proxectos e liñas de investigación sanitaria en atención primaria dos/as profesionais que desenvolven a súa actividade no servizo galego de saúde e nas súas entidades pública de investigación e, por outra, impulsar e recoñecer aquelas traxectorias científicas emerxentes dos investigadores de máximo de corenta anos vinculados o sector público sanitario de Galicia, para consolidar un ecosistema de investigación traslacional no ámbito sanitario que propicie a transferencia do coñecemento á práctica asistencial.

Establécense dúas modalidades con dous premios económicos por modalidade:

a) **Modalidade Premio a Proxectos de Investigación Sanitaria en Atención Primaria:** os premios consistirán na adquisición de material e pequeno equipamento non inventariable, subcontratación de servizos de I+D+i ou gastos similares vencellados ás actividades das ideas seleccionadas e/ou na asistencia a cursos de formación, a congresos relacionados coa liña de investigación, a un centro de investigación de ámbito internacional ou nacional ou actividades relacionadas.

b) **Modalidade Premio a Traxectorias Emerxentes de Investigación en Saúde:** os premios consistirán na asistencia a cursos de formación, congresos científicos internacionais ou nacionais, artigos ou publicacións en revistas científicas especializadas ou actividades relacionadas.

O prazo de presentación de solicitudes será de **1 mes** e **comezará a contar o seu cómputo o día seguinte ao da publicación** destas bases e convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

No lateral dereito dispoñedes da Convocatoria e extracto da convocatoria.

Na parte inferior dispoñedes dun pequeno vídeo resumo da convacotoria.

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Resolución dos Premios de Investigación en Saúde de Galicia PISGa

Extracto Premios de Investigación en Saúde PISGa

Nomeamento Xurado Premios de Investigación en Saúde Galicia (PISGa)

Resolución definitiva de concesión dos Premios de Investigación en Saúde de Galicia (PISGa2024)